

A NORMALIZACIÓN NO EIDO XURÍDICO DENDE UNHA PERSPECTIVA HISTÓRICA

Prof. Dr. Luis Rodríguez Ennes

Catedrático de Dereito Romano na Universidade de Vigo

Membro de Número da Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación

O desexo do lexislador de que o xuíz estivese por riba de toda sospeita de parcialidade no desempeño do oficio levouno a invadi-las esferas máis íntimas da vida privada e da relación social do xuíz. Pensábase, en primeiro lugar, que todo arraigamento na localidade era un elemento de perigo para a integridade do xuíz, polos intereses creados ó redor del que se podían desenvolver. E de aí a prevención contra o nomeamento de “naturais”. Con todo, tamén existía reluctancia contra os casamentos con mulleres do lugar de destino e, mesmo, cos matrimonios que puidesen realizar os fillos do maxistrado con persoas da dita localidade¹. Pero a vixilancia entorno á vida social dos maxistrados ía máis alá da nova fiscalización dos lazos matrimoniais. As leis fomentaban un “*apartheid*” social, prohibíndolles mesturarse coa poboación en festas e diversións e vetándolles, incluso, a asistencia a vodas e bautizos².

A multiplicidade de factores que favoreceron o desarraigamento social da maxistratura que exercía en Galicia tiña, forzosamente, que facer ilusorio o emprego da lingua galega na redacción dos instrumentos xudiciais. En realidade, a marxinación institucional do galego viña –como é lugar común– desde moi atrás. A perda da independencia política e a conseguinte inclusión de Galicia no reino castelán-leonés impúxolle o monolingüísmo. Mesmo Afonso X, cunha corte na que triunfaba o galego literario, ordenou redactar en castelán tódolos seus

¹ ROLDÁN VERDEJO, *Los jueces de la monarquía absoluta* (La Laguna, 1989) p. 223.

² Ampla información a este respecto en RODRÍGUEZ ENNES, “A Desgaleguización da administración de xustiza no Antigo Réxime”, en *Homenaxe a Filgueira Valverde* (Pontevedra, 1997) p. 661 e ss.

ordenamentos xurídicos de aplicación exclusiva en Galicia: foros, privilexios, sentenzas³. Por maior abastanza, a Igrexa e os seus bispos, verdadeiros representantes e oíntes da Coroa, a partir do século XIV serán foráneos e ignorantes da lingua galega⁴. Tamén desde o século XIV os escribáns de Galicia comezan a empregar-lo castelán nos seus documentos, lingua que irá desprazando paseniñamente o galego como lingua escrita da Administración⁵. O proceso da perda do galego oficial completárase a partir do 1480, data de creación da Real Audiencia, aínda que –en opinión de FILGUEIRA VALVERDE⁶– “nunca existiu a imposta pragmática prohibitiva de Dona Isabel e Don Fernando” e engade: “a enchente de personaxes foráneos na vida pública e mesmo nas familias podentes vén influír negativamente”.

A Real Audiencia de Galicia, integrada maioritariamente por persoal forasteiro e sen arraigamento ningún na poboación, xamais empregou o galego ata ben entrado o presente século en ningún dos seus moitos ámbitos de competencia. Pola súa parte, a Xunta do Reino de Galicia, con abondo máis limitadas atribucións

³ FILGUEIRA VALVERDE, “O galego na documentación oficial”, en HAP, cit., p. 346.

⁴ FERRO RUIBAL, *A Igrexa e a lingua galega* (Santiago, 1987) p. 23-24.

⁵ LUCAS ÁLVAREZ, “Presentación” da monografía de TATO PLAZA, *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos* (1457) (Santiago, 1999) p. 9. Alude tamén a este feito, LÓPEZ GÓMEZ, *La Real Audiencia de Galicia y el Archivo del Reino I* (Santiago, 1996) p. 526. *Vid.*, sobre o tema, BONO, “La práctica notarial del Reino de Castilla en el siglo XIII. Continuidad e innovación”, en *Notariado público y documento privado de los orígenes al siglo XIV. Actas del VII Congreso Internacional de Diplomática* (Valencia, 1989) p. 481-506; ID., *Historia del Derecho notarial español. Parte primera* (Madrid, 1979); e, moi especialmente, *Breve introducción a la diplomática notarial española. Parte primera* (Sevilla, 1990). Esta información complétase cos seguintes artigos extraídos das *Actas* antes citadas: “El notariado en Galicia hasta el año 1300 (Una aproximación)”, p. 331-480, de LUCAS ÁLVAREZ; “Los notarios en León durante el siglo XIII” de MARTÍN FUENTES, p. 597-614; e “O tabelionado em Portugal”, de DA ROSA PEREIRA, p. 615-700. Tamén merece citarse o traballo de ARRIBAS ARRANZ, “Los escribanos públicos en Castilla durante el siglo XV”, en *Centenario de la Ley de Notariado* (Madrid, 1964-65) p. 167-260; e o de LÓPEZ ALSINA, “Os tumbos de Compostela: tipoloxías dos manuscritos e fontes documentais”, en DÍAZ y DÍAZ *et alii*, *Los tumbos de Compostela* (Madrid, 1985) p. 121-135.

⁶ FILGUEIRA VALVERDE, “O galego”, cit., p. 349.

xurisdicionais, empregou exclusivamente o castelán⁷. A mediados do século XVI, o proceso está consumado e pódese afirmar sen reservas que –agás contadas excepcións– toda a documentación do Antigo Réxime en Galicia está en castelán⁸. Desta multiseccular marxinação da lingua galega faise eco SARMIENTO cunhas palabras tan expresivas que non nos resistimos a transcribir⁹:

“No pocas veces he pensado en cuál ha sido la causa de que en Galicia se haya introducido el uso y abuso de escribir en castellano lo que antes se escribía e latín o en gallego. No hay género de escritura, testamento, donación, venta, contrato, foro, arriendo, compra, tregua, partijas, etc. que yo no haya visto y leído en Galicia o en latín o en gallego, y sé que se pueden cargar carros de estos instrumentos que se conservan en Galicia¹⁰. No habiendo precedido ni concilio ni cortes ni consentimiento uniforme de los gallegos para actuar, comerciar en lengua castellana ¿quién lo introdujo? La respuesta está patente que Galicia llora y llorará siempre: no los gallegos, sino los no gallegos que a los principios del siglo XVI inundaron el reino de Galicia, no para cultivar sus tierras, sino para hacerse carne y sangre de las mejores y para cargar con los más pingües empleos así eclesiásticos como civiles. Esos han sido los que por no saber la lengua gallega ni por palabra, ni por escrito, han introducido la monstruosidad de escribir en castellano para los que no saben sino el gallego puro. Esta monstruosidad es más visible en los

⁷ FERNÁNDEZ-VILLAMIL, *Juntas del Reino de Galicia. Historia de su nacimiento, actuaciones y extinción I* (Madrid, 1963) p. 254.

⁸ LÓPEZ GÓMEZ, *La Real Audiencia*, cit., I, p. 526.

⁹ SARMIENTO, *Elementos Etimológicos*, cit., fol. 725 e 726. Deste fragmento sarmientano ocupáronse, entre outros, FRANCISCO RODRÍGUEZ, “La Lengua”, no libro colectivo *Los gallegos* (Madrid, 1976) p. 226-227; FAUSTO DOPICO, *A Ilustración*, cit., p. 113-114; GONZÁLEZ BERAMENDI, “Sociedade, nación”, cit., p. 259.

¹⁰ É moi ilustrativo cómo comenta este fragmento TATO PLAZA, ó tempo que denuncia o espolio que sufriu nestes últimos séculos o noso *corpus* documental: “¿Cantos carros poderíamos encher na actualidade cos documentos que chegaron a nós?” (...) ignorámo-lo que se foi perdendo polas vereas da malfadada historia do noso país. As noticias históricas, particularmente as referidas ó período desamortizador decimonónico, non son nada alentadoras, nin, desgraciadamente, as únicas que falan do estragamento do noso patrimonio cultural (...) A longa noite de pedra deita as súas tebras sobre un pasado do que aínda somos moi ignorantes e que se esvaece ante os nosos propios ollos conforme as tintas labradas sobre pergameos e papeis se van apagando de vagar” (*Cfr. Libro de notas*, cit., p. 19).

empleos eclesiásticos”.

O que o noso egrexio monxe apunta sobre o absurdo de confiar o coidado de almas a sacerdotes foráneos é perfectamente predicable da retención dos empregos xudiciais por non galegos¹¹:

“No sé como toleran los obispos que curas, que no son Gallegos ni saben la Lengua, tengan empleo al *curam animarum*; y sobre todo la administración del Santo Sacramento de la Penitencia. ¿Que es el coloquio de un penitente rústico y Gallego, y un Confesor no Gallego, sino un entremés de los Sordos? Son innumerables los chistes que se cuentan de esa inicua tolerancia. Avrá 15 días, que un cura gallego natural, me dijo, que confesando a una gallega, le dixo, que ya se había confesado antes con un castellano; pero no creía que hubiese sido confesión: porque ni el castellano entendió a la gallega, ni ésta al castellano. Para evitar estos y otros absurdos en odio, burla, nulidad y chacota del Sacramento de la Penitencia, es justísima la Ley ó Costumbre de los catalanes, que jamás dexan Curato ó Rectoría, al que no es catalán; o no está examinado de que sabe bien la lengua catalana. No hace muchos años que a un grande Doctor, y que había predicado la Quaresma en Barcelona con aplauso, le dieron calabazas para una Rectoría por la sola razón de que no sabía el vulgar Dialecto Catalán. Y por que los obispos de Galicia, no se deven ceñir, a esta Justissima Ley?”

Repárese en que Sarmiento escribe este último inciso sesenta anos despois de que fosen promulgados os Decretos de Nova Planta, o que demostra que as sancións filipinas non lograron, de ningunha maneira, erradicar non só o uso senón tamén a esixencia do coñecemento do catalán para desempeñar oficios e beneficios eclesiásticos¹². De aí que propoña sen rodeos:

¹¹ SARMIENTO, *Elementos Etimológicos*, cit., fol. 726.

¹² Sobre os Decretos de Nova Planta para os territorios que integraban a antiga Coroa de Aragón, *cfr.* RODRÍGUEZ ENNES, *Aproximación a la Histori Jurídica de Galicia* (Santiago, 1999), p. 187 e 188 e, sobre todo, a nota 480, con bibliografía a este respecto.

“Todo lo dicho va fundado en que (...) se les debe escoger los Magistrados, que sepan su lengua, leyes y costumbres. He visto, y leído no pocos Instrumentos, y Fueros Antiguos, de lugares. En ellos es muy común la expresión, quando ay diferencias sobre un Derecho, remitirlo a lo que, quatro, ó seis, hombres buenos juzgasen: Quanto quatro Hombres buenos asmaren: el verbo asmar es puro Castellano: y viene del puro Latín, Aestimare, Asmar ó Juzgar. Pregunto. Y esos 4 hombres, los iban a buscar fuera del País? Y esos no sabían la Lengua vulgar? Como pués se ha tolerado que vayan de longas tierras á Galicia, esos buenos hombres, á ser Magistrados, Civiles y Eclesiásticos; sin saber la Lengua, ni las Costumbres?”¹³.

¹³ SARMIENTO, *Elementos Etymológicos*, cit., fol. 729.